



INFORME DA XUNTA DE PERSOAL DA PROVINCIA DE LUGO

28 de outubro de 2015

Punto 1º Lectura e aprobación da acta anterior

A acta anterior foi aprobada por unanimidade

Punto 2º CEE Santa María. Amortizacións

Sobre este punto, a presidencia enviou aos demais membros da XP un documento, remitido polo CEE, onde se describe a situación do centro e se argumenta en favor da solicitude dunha praza de pedagogía terapéutica. Os dous motivos principais, entre outros, son:

- que o centro tivo un aumento dun 20% do alumnado neste curso
- que se produciu á amortización dunha praza ocupada por unha persoa que se xubilou este curso.

Comentouse, ademais, o medo que hai entre o profesorado do centro a que se amorticen prazas (dúas de PT en concreto) en vindeiros cursos e que se traten de reconverter prazas de AL en titorías (PT)

O acordo que adoptou a Xunta de Persoal foi o de apoiar a solicitude de nomear a unha persoa especialista de PT para este curso, facendo chegar esta solicitude á xefatura territorial.

Punto 3º. Conflito les Terra Chá

Logo de que a presidencia achegase diversa documentación (escrito dirixido á Inspección pola dirección do centro así como a contestación da mesma ás súas reclamacións, onde entre outras cousas se fai fincapé na redución de profesorado, arredor dun 20% desde o curso 2009/2010 até a actualidade, malia se manter estábel o número de grupos de alumnado.

Enumeran, así mesmo, as repercusións que ten para o centro esta falta de profesorado, así como a solicitude, feita o día 23/09/2015 de dous profesores/as. Petición non atendida pola Consellaría.

Acórdase secundar a petición de máis profesorado por parte do Claustro do Centro, agardando recibir unha proposta de escrito para trasladar á Xefatura de Inspección.

Punto 4º. Permisos

Coa entrada en vigor da lei do empregado público, algunhas cuestións relativas aos permisos, regulados pola Orde do 7 de abril de 2008, están a ser modificadas, segundo a interpretación que se fai desde a inspección (non de toda no seu conxunto, senón desde algúns membros da inspección). En concreto estase creando conflitos co apartado das "revisións médicas" (artigo 12º) e o de "imprevistos" (artigo 27º).

Punto 5º. Petición de xubilacións 2015

O acordo adoptado pola Xunta de Persoal foi o de solicitar a listaxe de xubilacións que se produciron no ano 2015.



Rogos e preguntas

A petición do STEG, solicitamos incluír un punto sobre a adxudicación a unha persoa dun posto no equipo de orientación específico na especialidade de sobredotación. Concretamente solicitamos coñecer:

- en que se fundamentou este nomeamento?
- se houbo algún procedemento de coñecemento público
- se non foi ese o caso, os motivos polos que se fixo deste modo.

O acordo adoitado pola Xunta de Persoal foi o de solicitar esta información.

Igualmente e, a petición do STEG, acórdase incluír nos puntos a tratar na entrevista coa Xefatura de Inspección (en data aínda pendente de confirmar) a problemática do CEIP de Muras e do Ceip de Lousada en relación ás necesidades destes centros no tocante a máis profesorado, logo de afondar na situación específica de cada un deles.

STEG